

DOCUMENTO ORGANIZATIVO: AFONDAR NOS ACORDOS DE VIGO

O 30 de xullo de 2016 tiña lugar en Vigo a Marea Constituínte, asemblea para dar arranque a un novo suxeito político galego de ruptura resultado da confluencia nun mesmo espazo de organizacións políticas, sociais, mareas municipalistas e cidadanía non organizada politicamente. Tratábase de crear unha ferramenta electoral coa que concorrer ás eleccións, baixo a fórmula xurídica de partido instrumental e o obxectivo claro de desaloxar da Xunta ao Partido Popular de Núñez Feijoo. A ferramenta electoral non era máis que unha das formas dese novo suxeito político.

En Marea constituíase así como un proxecto político de adscrición individual, conformado por persoas, co formato legal de partido instrumental, polo que non se entendía nin como unha coalición de parte nin partidaria.

En Marea definíase no 2016 como o espazo do cambio en Galicia. Un proxecto horizontal e aberto, construído dende a base, para representar os intereses da maioría social, das persoas agredidas polas políticas de austeridade, miseria e recorte, do precariado que non chega a fin de mes, das que non poden vivir nun rural esquecido polas institucións nin nun mar contaminado polos abusos e a indiferenza.

A maioría social é consciente de que non temos outro planeta e temos a obriga de coidar deste para que a vida sexa sostible a longo prazo, compre reafirmarnos neste compromiso co futuro do planeta e da súa biodiversidade.

En Marea no 2016 definíase tamén como un proxecto construído dende a base para dar cabida a todas as persoas que interpelabamos por outra maneira de facer política e de participar en política, as teses políticas aspiracionais de ser espazo de cambio transformador onde toda a cidadanía poida participar mais alá de recibir información seguen viventes, a maneira de construírnos cara esa estrutura de participación pasa necesariamente pola implementación de todas as ferramentas informáticas necesarias para poder participar mais alá da participación física nos plenarios.

Mantense o compromiso de seguir traballando na máis ampla participación da nosa base social nas decisións de En Marea. A nosa forza e a nosa base identitaria como forza do cambio xorde da necesidade de crear espazos participativos onde todas nos sintamos cómodas de traballar e participar, polo tanto a nosa conformación como organización diferente ao resto da oferta política clásica é o que nos da a forza para ser En Marea e o que nos fai diferentes é precisamente como nos organizamos.

A estas alturas do 2019 unha certeza que temos é que a confluencia entre estruturas partidarias e cidadanía non organizada politicamente fracasou, a confluencia entre partidos tan desexada non chegou a funcionar como estaba deseñada, os partidos que estaban a participar da construción dun suxeito novo e que polo tanto debían ceder a súa soberanía a En Marea e funcionar como “motores auxiliares” non tiveron a

capacidade ou non quixeron dar ese paso necesario para seguir afondando na construción deste novo espazo político de adscrición individual. Este comportamento por parte das organizacións políticas que participaban do proceso foi o mesmo tanto a nivel nacional Galego como a nivel municipal levando ao desastre das eleccións municipais deste ano 2019.

O documento político de En Marea aprobado o 17 de decembro de 2016 en Compostela ten vixencia na súa parte aspiracional de querer ser un novo suxeito político galego e non a suma de partes. Pola contra hai aspectos organizativos que compre revisar e mellorar á vista destes anos de experiencia organizativa.

Na Marea Constituínte aprobaranse diversos textos básicos para o espazo político, denominados “acordos de Vigo”, que durante estes anos permaneceron vixentes, e que cómpre revisar e analizar.

LEI DE BASES: AFONDAR NOS ACORDOS DE VIGO

Metodoloxía da Lei de Bases: para facer máis asequible o debate político sobre os cambios estatutarios e organizativos, o Consello das Mareas propón o debate sobre os contidos a reformar: eses contidos son as *bases* da reforma. Unha vez aprobados, unha comisión do Consello adapta os textos na súa literalidade aos contidos aprobados, á semellanza da técnica lexislativa da *lei de bases*.

ORGANIZACIÓN INTERNA:

1. O censo de En Marea está conformado por aquelas persoas físicas, maiores de 18 anos, que manifesten o desexo de participar en En Marea, teñan asinados os seus “Principios básicos” e teñan veciñanza civil galega, tendo consideración de inscritas (en caso de pagar as respectivas cotas) ou simpatizantes (caso de non pagar cotas).
2. A adhesión a En Marea (entendida como inscrición e pago de cota), outorgará dereitos políticos plenos para a participación, información e toma de decisións que afecten ao proxecto político.
3. Serán dereitos das persoas inscritas:
 - Participar, con potestade propositiva, voz e voto, nos debates, deliberacións e na adopción de acordos que sexan suscitados no interior das estruturas de En Marea, nomeadamente no Plenario.

- Ser consultada e promover consultas mediante referendo para as decisións de maior transcendencia que deban ser adoptadas por En Marea.
- Elixir e ser elixido/a para os órganos internos de En Marea, para as candidaturas electorais e para os cargos de representación pública de En Marea.
- Recibir información con regularidade de cada decisión sexa adoptada polos órganos e grupos institucionais, da súa composición, das súas actividades e da súa situación económica.
- Participar activamente na presentación de iniciativas legislativas ou non legislativas de En Marea, mediante a participación nas comisións correspondentes.

Serán dereitos das persoas simpatizantes:

- Participar, con voz (sen voto) nos debates, deliberacións e na adopción de acordos que sexan suscitados no interior das estruturas de En Marea, .
 - Recibir información con regularidade de cada decisión sexa adoptada polos órganos e grupos institucionais, da súa composición, das súas actividades e da súa situación económica.
4. Serán obrigas das persoas inscritas a adhesión aos “Principios básicos”, o cumprimento dos valores éticos, políticos, ideolóxicos e programáticos que constitúen o substrato do proxecto de En Marea e estar ao día no pagamento da cota para o pleno disfrute dos dereitos políticos, cuestión esta que non será de obrigado cumprimento no caso de simpatizantes.
 5. O Consello das Mareas ou o propio Plenario de En Marea estarán facultados para a convocatoria de consultas na forma e contido que así determinen. Habilitarase tamén a posibilidade de realizar consultas a iniciativa das inscritas, por solicitude avalada por unha porcentaxe do censo a definir, non inferior ao 10%. Nas consultas poderán participar todas as persoas inscritas no tempo e forma que se estableza. As simpatizantes non terán voto nestas cuestións.
 6. O Plenario de En Marea reunirse unha vez ao ano, con carácter ordinario. Poderá reunirse tamén de xeito extraordinario sempre que así o solicite un 10% do Plenario ou 1/3 do Consello das Mareas. Esta solicitude de convocatoria deberá ir acompañada dunha orde do día e, de cumprirse estes requisitos, debe ser convocado para unha data non máis alá dun mes dende a presentación da solicitude ao Consello.
 7. O Consello das Mareas, estará composto por 50 persoas: 35 electas e un máximo de 15 representantes comarcais. O Consello elixirá de entre os seus membros unha Coordinadora, composta por 15 persoas. Esta Coordinadora terá a competencia para executar as decisións do Consello e do Plenario, así como para as cuestións operativas que non podan agardar a unha reunión do Consello. Calquera decisión que supere o ámbito da execución de acordos de outros órganos deberá ser ratificada na seguinte reunión do Consello ou, no seu caso, do Plenario.
 8. Os niveis de decisión política serán o municipal e o nacional. Estimularase e favorecerase o impulso e desenvolvemento comarcal. Promoverase a comarcalización coa finalidade de dar resposta ás necesidades comúns da veciñanza da bisbarra, como espazos onde ser quen de poñer en común o traballo a nivel institucional, social e de intercambio de información entre os municipios, e tamén como lugar onde artellar as solucións para aquelas necesidades que superen o eido municipal, pois

existen interconexións sociais, económicas e territoriais entre os concellos ás que se lles debe dar resposta. A comarcalización terá en conta a realidade galega. En caso de contradicións entre posicionamentos que afectan a ámbitos supramunicipais corresponderá ao ámbito nacional a súa mediación inicial e en última instancia a súa resolución.

9. O nivel comarcal estará formado polas persoas adheridas a En Marea a nivel da comarca en cuestión. Cada comarca elixirá democraticamente, entre as inscritas de En Marea na comarca, unha persoa como representante comarcal, que dinamice e axilice a interlocución coa organización a nivel nacional. Toda persoa inscrita estará incorporada a unha comarca funcional que se creará en función da homoxeneidade, cercanía e do número de inscritas coa aprobación do Consello das Mareas.
10. As comarcas serán espazos de deliberación, non decisorios. Serán espazos onde tecer rede, necesaria para fornecer a organización, non estrutura.
11. Entre as funcións da persoa representante comarcal estarán establecer canles fluídas de comunicación entre os distintos axentes (sociais, culturais...) espallados pola comarca, promover a xeración de dinámicas de cooperación entre os diferentes municipios e mareas municipalistas que conforman a comarca, coordinar políticas no seu ámbito de actuación e fomentar a superación dos localismos.
12. As mareas comarcais poderán facer propostas, demandar información e rendicións de contas, organizar actos, partillar coñecementos, xerar canles de cooperación de todo tipo, e establecer asembleas nas súas respectivas áreas de influencia, tendo completa autonomía respecto da súa convocatoria, réxime de sesións, levantamento e difusión de actas, etc... As mareas comarcais renderán contas ante as inscritas do seu ámbito territorial.
13. En canto ás mareas sectoriais, cada marea elixirá, democraticamente, unha persoa responsable de cada área. Esas persoas poden ser alleas ao Consello das Mareas ou integrantes do mesmo. Nas áreas onde non haxa marea sectorial constituída, o Consello das Mareas poderá nomear a unha persoa como referente da citada área sectorial.
14. As funcións de cada persoa responsable das Mareas sectoriais será coordinar á Marea correspondente, elaborar o argumentario da organización na súa área, colborar no traballo parlamentar e ser a persoa de contacto de colectivos e asociacións que actúen na sociedade no ámbito da súa área temática.
15. Proposta de ámbitos sectoriais:
 - Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior
 - Igualdade e Diversidade
 - Ordenación Territorial, Obras Públicas
 - Demografía e desenvolvemento Xuvenil
 - Medio Ambiente e Servizos

- Economía, Facenda e Orzamentos
- Educación
- Cultura
- Sanidade
- Política Social
- Emprego
- Pensións
- Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
- Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
- Pesca e Marisqueo
- Renda Básica Universal

REGULAMENTO CONSELLO DAS MAREAS:

16. O Consello das Mareas, máximo órgano de dirección entre Plenarios, estará composto por 50 persoas: 35 electas e un máximo de 15 representantes comarcais. As persoas representantes comarcais serán elixidas democraticamente entre as inscritas, na marea comarcal reunida para o efecto. Gardaranse sempre criterios de paridade e equilibrio territorial.

REGULAMENTO COORDINADORA DE EN MAREA:

17. A Coordinadora Nacional de En Marea estará composta por 15 persoas, elixidas polo Consello das Mareas de entre os seus membros. Exercerán, colexiadamente (como mínimo, dúas persoas por responsabilidade), tanto a nivel externo como interno, unha responsabilidade nacional específica da que renderán contas ante o Consello das Mareas.

CARTA FINANCEIRA:

18. Sobre as fontes de financiamento: Os recursos de En Marea serán as subvencións públicas a través da Lei de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes de elas, as achegas de cargos públicos e do Grupo Parlamentar que se establezan nesta Carta Financeira, cotizacións, cotas das inscritas e outras que poidan darse dentro da legalidade vixente, así como donativos, axudas e campañas extraordinarias. En concreto:
- Cotas das inscritas.

- Achegas voluntarias das inscritas e simpatizantes.
 - Doazóns voluntarias que as persoas voluntarias fagan á organización.
 - Achegas das persoas representantes nas distintas institucións e organismos vinculados ás mesmas.
 - Crowdfunding.
 - Préstamos privados.
 - Microcréditos.
 - Outras achegas (outras institucións, colectivos, etc.).
19. Para as persoas inscritas, estableceranse unhas cotas económicas mensuais. A situación de pagamento das cotas será un requisito para gozar da plenitude de dereitos políticos, quedando en situación de simpatizante quen non atenda este requisito.
20. As cotas, con carácter mensual (de cobro trimestral –por domiciliación-), serán as seguintes:
- 2€ para paradas e estudantes.
 - 5€ cota xeral.
 - 10€ cota especial voluntaria.
21. As persoas inscritas e simpatizantes poderán facer achegas económicas de xeito voluntario ao partido En Marea de acordo co establecido na Lei de Financiamento dos partidos políticos.

FORMA DE GOBERNO:

22. No caso de que se detecte un incumprimento grave e reiterado do Código Ético, ou un afastamento manifesto dos documentos e das liñas políticas aprobadas, ou o incumprimento de calquera norma ou consulta avalada polas persoas inscritas, por parte de calquera cargo institucional elixido polas siglas de En Marea, a Comisión de Garantías poderá ditaminar, tanto se existe solicitude da Coordinadora, do Consello, dunha persoa inscrita ou mesmo de oficio a súa suspensión como membro de En Marea a todos os efectos. Será a Coordinadora do Consello das Mareas a encargada de facer chegar ese ditame aos órganos parlamentares competentes para que actúen en consecuencia. Esa decisión deberá ser referendada a través dunha consulta ás inscritas, se a persoa foi elixida vía telemática para formar parte da lista electoral, ou do plenario en calquera outro caso.